

Fomentar



dende a



A familia desempeña un papel fundamental no fomento do hábito lector dos menores.

Por que algúns nenos len moito e outros tan pouco?

A resposta a esta pregunta non está sempre entre as catro paredes da aula escolar. Aínda que dentro delas se aprende a técnica, o hábito - que é o importante - adquirese no fogar.


Os pais, coa súa actitude e motivación, poden lograr que os fillos aprendan a amar a lectura e a incluíla dentro das súas actividades preferidas de ocio.

Consellos que invitan a ler

- Empezar dende pequeno.
- Regalar libros.
- Crear a súa propia biblioteca
- Non o obrigar a ler.
- Accesibilidade dos libros.
- Visitar librarías.
- Costume diario.
- Ser socio dunha biblioteca.
- Adaptarse aos gustos.
- Compartir a lectura.

Bus, tren, barco e ruta a pé polas illas atlánticas - Cíes

Un grupo de 90 persoas, entre nenos e adultos, participaron na viaxe as illas Cíes. Así foi a viaxe:



VII Torneo Interclases

O Torneo Interclases, organizado pola Agrupación Deportiva e Cultural Vales Villamarín e que conta coa colaboración inestimable dos mestres de educación física do CEIP, pretende incentivar aos rapaces dos ciclos de primaria na práctica do deporte ou simplemente das actividades físicas.

De carácter voluntario, nenos e nenas competirán, entre clases e por ciclos, durante as tardes dos primeiros días de xuño, nas disciplinas de baloncesto, fútbol sala, bádminton, tenis de mesa e atletismo, tanto a título individual como colectivo. Os equipos irán competindo e eliminándose entre si sucesivamente, ata chegar ás finais, que se celebrarán o sábado 13 de xuño, en horario de tarde, coincidindo coa celebración da Exhibición de Fin de Curso, que farán os rapaces que son socios da Agrupación Deportiva e Cultural.

Exhibición fin de curso



Ese mesmo día, os participantes nas actividades extraescolares, organizadas pola ADC ao longo do curso farán unha exhibición do aprendido.

Será un día especial, onde pais e nais poderán observar a evolución no aprendizaxe dos seus fillos/as e tamén unha oportunidade para aqueles pais/nais, que non coñezan a Agrupación, de acercarse e comprobar “in situ” os valores que se pretenden transmitir.

Parece mentira

O pasado 16 de Maio, dentro das actividades organizadas polo Concello de Betanzos, dentro do programa do Día das Letras Galegas 2009, outorgáronse os premios do 1º Concurso de Redacción Letras Galegas, dirixido ao alumnado de primaria de todos os colexios do Concello.

Queremos resaltar aquí, os bos traballos feitos polas nenas e nenos do Vales Villamarín que acadaron os seguintes premios:

1º ciclo: Accésit para Lara Diz Iglesias

2º ciclo: 1º premio para Isabel López Blanco

3º ciclo: Accésit para Raquel Vara Pernas

Como mostra do nivel acadado, amosamos a continuación o traballo gañador do 2º ciclo, no que o xurado tivo moi presente a riqueza expresiva e o abondoso vocabulario empregado:

Parece mentira

(Isabel López Blanco)

Eu son Ramón Piñeiro, nacín en Láncara (Lugo). De pequeno contáronme unha lenda, unha lenda sobre mouros. Naquela época tíñalle moitísimo medo a esos seres. Sabedes por que?

Pois porque tiven un pesadelo; contaréivolo:

Estaba estambalado na eira da casa comendo figos e amorodos cando, de repente, oín un ruído e vin que se movía un arbusto.

Fun mirar que pasaba, cando de súpeto, polo si ou polo non, se me plantou diante unha muller belísima de pel escura.

Ao principio pensei que era a miña tía Clara que, como foi adoptada, era morena pero despois dinme de conta de que era... unha moura!

(Continúa na columna seguinte)

Escondinme a todo correr pero encontroume, levoume á súa cova e díxolles aos seus mouriños:

- hoxe temos “neno asado con repolo e patacas”

Empecei a berrar e berrar, collín unha pedra e tireina ao fondo da cova pero non lle fixeron caso. Colleron o sal, a pementa, metéronme no cazolo e paráronme. Nese momento despertei. Menos mal que so era un soño, non?

Miña nai chamoume para merendar, levanteime da herba e fun correndo, e a que non sabedes que vin? Miña nai estaba chea de lama e pensei que era unha moura. Eu botei a correr e miña nai díxome:

- Non corras Ramón que son túa nai*
- Mamá, por que estás tan sucia?*
- Porque caín na poza de terra mollada, na mesma na que vas caer ti.*
- Que poza?*
- Plaafff!*
- Esa*
- Oi!*

Isabel López Blanco

4ºB – CEIP Fco. Vales Villamarín

Comedor + Asemblea ANPA

O próximo día 12 de xuño, as 20:00, terá lugar a Asemblea da ANPA, á que están invitados a participar tódolos lo pais e nais do centro escolar.

Coincidindo coa asemblea, procederase á entrega das axudas do comedor correspondentes aos períodos:

- Xaneiro – Xuño, 2008
- Setembro – Novembro, 2008

Boletín informativo maio 2009



**Asociación de Nais e Pais de Alumnos
“ANPA BRIGANTIUM”**

CEIP “FCO. VALES VILLAMARÍN”
Carregal nº 4,
15300 – BETANZOS (A Coruña)

Parece mentira

Consulta o Blog da ANPA e animate a facer suxestións. Prometemos atendelas
Blog: <http://anpabrigantium.blogaliza.org/>
e-mail: anpabrigantium@gmail.com



**Patrocina:
Concello de Betanzos**